

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

RAG

Euloxio Ruibal recuperará o espazo do teatro na Academia

O dramaturgo Euloxio Ruibal será con toda probabilidade novo académico da RAG logo de que só se presentase a súa candidatura para ocupar a cadeira que deixou baleira co seu falecemento o historiador Antonio Meixide Pardo. Para a outra cadeira que permanece baleira soa o nome do poeta chairego Darío Xohán Cabana. Só hai catro mulleres académicas.

- 15:40 28/02/2005

Na sesión plenaria do sábado 5 de marzo debaterase a única candidatura presentada para cubrir a praza vacante do historiador Antonio Meixide Pardo, a do dramaturgo ordense [Euloxio Ruibal](#). Ruibal, un dos tres renovadores do teatro galego na década dos setenta, a canda o xa falecido Vidal Bolaño e Manuel Lorenzo, gañou en 1975 o Premio Abrente con Zardigot, a súa primeira obra e sen dúbida a máis coñecida. Autor de obras pouco representadas mercé ás dificultades da súa dramaturxia, foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega ata hai uns días. Nesta altura non hai ningún dramaturgo entre os académicos.

Para máis adiante debe quedar a elección do substituto de Manuel María. Aínda que os prazos para que tres académicos presenten unha candidatura están aínda abertos, o nome con máis posibilidades é sen dúbida [Darío Xohán Cabana](#). O poeta e tradutor chairego fora impulsado precisamente por Manuel María. Entre as ausencias, a máis evidente é a das mulleres: só son catro entre os [trinta académicos](#), o 13%.